

O DEPORTE GALEGO: ALGO MÁIS QUE UN SECTOR ECONÓMICO

O DEPORTE GALEGO: ALGO MÁIS QUE UN SECTOR ECONÓMICO

PATRICIO SÁNCHEZ FERNÁNDEZ
GEN (UNIVERSIDADE DE VIGO) E
FORO ECONÓMICO DE GALICIA

Ir ao ximnasio, saír a camiñar ou, mesmo, correr unha maratón é algo xa cotián en moitas familias. Estamos a falar de práctica deportiva, de facer exercicio, pero tamén nos atopamos ante un sector económico consolidado e con claras expectativas de crecemento. É por iso que o presente artigo pretende achegarse á realidade do deporte dende a súa faciana económica e coa vista posta no tecido empresarial. Se ademais de coida a nosa saúde e divertinos estamos contribuíndo a robustecer a economía, que máis cabe pedir?

CONTEXTUALIZACIÓN

Falar de deporte hoxe en día é referirnos a algo máis que unha actividade lúdica, boa para saúde e con efectos case que ilimitados para a socialización. A práctica deportiva experimentou ao longo das últimas décadas unha salientable transformación, tanto no que se refire á súa concepción coma na súa consideración dende o punto de vista económico.

Facendo un pouco de historia, ata a década dos sesenta, o deporte era unha práctica de ámbito fundamentalmente local e amplamente dependente

do voluntariado. Consecuentemente este feito motivaba que a súa importancia en termos económicos fose moi cativa. É a partir da década dos oitenta cando o deporte experimenta un notable crecemento caracterizado por unha maior diversificación, a aparición de múltiples modalidades deportivas e a perda de importancia da práctica deportiva organizada. Todo iso propicia que o deporte se converta nunha actividade cunha crecente importancia económica.

“O DEPORTE AD-
QUIRIU GRANDE
IMPORTANCIA NA
SOCIEDADE
ACTUAL”

Na actualidade o deporte adquiriu grande importancia na sociedade, achegando múltiples beneficios que van dende o ám-

bito da saúde física e psíquica ata a integración ou a educación. Paralelamente, o ámbito económico e empresarial experimentou un notable crecemento, definíndose deste modo a denominada “industria do deporte”.

Deste xeito, asistimos a unha forte intensificación das interrelacións entre economía e deporte, podendo falar dun claro binomio. Por un lado, o deporte abriu á economía novos e rendibles mercados en actividades tales como a medicina deportiva, o desenvolvemento de servizos deportivos¹, os espectáculos deportivos, o patrocinio deportivo ou a prensa deportiva. En sentido contrario, tamén hai que mencionar que a economía dotou ao deporte dunha estrutura de pensamento diferente para adoptar as súas decisións e avaliar as consecuencias destas.

Todos estes aspectos levan a falar de diferentes dimensións do deporte que, facendo fincapé na súa repercusión económica, poderían ser concretados nos sete puntos seguintes:

1. Saúde e benestar
2. Educación e cohesión social
3. Tecido empresarial
4. Espectáculo e lecer
5. Institucións deportivas
6. Voluntariado
7. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i)

O DEPORTE COMO “ECONOMÍA PECULIAR”

O heptágono descrito no apartado precedente configura unha relación entre economía e deporte que na década dos sesenta foi definida por Walter Neale² como “peculiar”. Dita peculiaridade ten evolucionado ata o que Jaume García³ define hoxe como “relación peculiar, creativa e beneficiosa para ámbalas dúas partes”.

Con probabilidade non exista outro eido con tantas particularidades e, sobre todo, con tanta incidencia en termos económicos. Así, o funcionamento da industria do deporte ofrece marcadas diferenzas fronte a outros sectores económicos tradicionais. O punto de partida destes matices vén dado pola relevancia de dous conceptos intimamente relacionados: a incerteza e o “drama”. A incerteza (do resultado) no produto que se ofrece foi sinalada xa a mediados do século pasado por Simon Rottenberg⁴ no seu artigo seminal sobre economía do deporte. Pola súa banda, como apuntan autores como Ely, Frankel e Kamenica⁵, o valor dramático supón, en

“A RELACIÓN
ENTRE ECONOMÍA
E DEPORTE É
“PECULIAR”

1- Fundamentalmente ximnasia e centros de fitness.

2- https://www.jstor.org/stable/1880543?seq=1#metadata_info_tab_contents

3- https://www.funcas.es/publicaciones_new/

4- https://www.jstor.org/stable/1825886?seq=1#metadata_info_tab_contents

5- <http://faculty.chicagobooth.edu/emir.kamenica/documents/suspense.pdf>

certo senso, unha referencia xenérica aos conceptos de suspense e sorpresa que aplican de cheo ao espectáculo deportivo.

Todos estes compoñentes desembocan no termo que máis adoita empregarse na economía deportiva que é o “balance competitivo” dunha competición ou proba deportiva. Con este concepto definimos á necesidade da existencia de igualdade entre os competidores (equipos deportivos) en torno a un obxectivo (consecución do título). O interese da competición será maior canto máis elevando sexa este balance, isto é, canto máis parellos sexan os equipos que participan. Pola contra, a falla de competitividade redundará nunha competición sen interese nin alicientes. A visualización do funcionamento do balance competitivo evidénciase na denominada “paradoxa de Louis-Smelling”⁶ que lembra aos boxeadores do mesmo nome.

O resultado final, e principal motivo da peculiaridade do deporte, descansa no feito que o comportamento dos equipos como empresas, non reflicte o habitual noutros sectores que é a maximización de beneficios. Todo o contrario, os beneficios son só unha parte (ás veces pequena) do seu obxectivo último que é a maximización dos resultados deportivos. Non se trata logo de ter moi-

tos ingresos, senón de ter moitas vitorias e, en definitiva, resultar campión. Unha anomalía se é analizada dende o punto de vista da teoría económica que, coa proliferación de competicións e modalidades deportivas, cada vez resulta máis evidente. Baste para isto sinalar que o Libro Branco do Deporte da Comisión Europea⁷ destaca catro grandes ámbitos nos que a axenda europea para o deporte debe centrar a súa atención: a función social do deporte, a súa dimensión económica, a súa organización, e a cooperación con terceiros países e organizacións internacionais.

ESCENARIO DEPORTIVO GALEGO ACTUAL

Segundo a Enquisa de Hábitos Deportivos de España, case o 40% da poboación practica deporte semanalmente en Galicia (un 37,4% no último dato dispoñible correspondente ao ano 2015). Quere isto dicir que máis da terceira parte da cidadanía ten por costume adicar parte do seu tempo a esta actividade. Ademais, a tendencia crecente deste hábito fai que se multipliquen as necesidades en termos de consumo que fai que en 2016 se gastara en Galicia en bens e servicios vencellados ao deporte un total de 240 millóns de euros, o que supuxo case o 1% (un 0,8%) do total gastado en bens e servicios. Cuantifi-

“CASE O 40% DA POBOACIÓN GALEGA PRACTICA DEPORTE SEMANALMENTE”

6- Para un maior afondamento sobre este paradoxo pode consultarse <https://www.ui1.es/blog-ui1/la-peculiaridad-economica-del-deporte>

7- <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=LEGISSUM%3A135010>

cado en euros, foron un total de 220 euros o gasto medio por fogar galego en deporte en dito ano, o que supón case 90 euros por persoa (en concreto, 89.0 euros).

As empresas vencelladas ao deporte na nosa Comunidade superan as dúas mil segundo o DIRCE (Directorio Central de Empresas) nos últimos anos (2.076 en 2016 e 2.117 en 2017). En termos relativos esta cifra supón máis do 6% do total español. Asemade, en canto ao gasto público nesta materia, en 2016 superou os vinte millóns de euros (20,3) de gasto liquidado por parte da administración autonómica, achegándose neste caso case o 7% do total estatal.

Outro indicador da magnitude do sector é o referido ao número de licencias que reflicte as persoas cun nivel de práctica deportiva superior ao cotián ao estar baixo o amparo dalgunha federación deportiva. En 2017 foron máis de 250 mil as licencias tramitadas en Galicia (concretamente, 250.489) o que supuxo, un incremento do 11,5% respecto á tempada anterior. Esta cifra reflicte que case unha de cada dez persoas está federada en Galicia, porcentaxe semellante ao de outras rexións da nosa contorna.

Finalmente, cómpre salientar que en Galicia existen máis de cinco mil clubs deportivos (5.143 en

2017) o que supón máis do 7% do total estatal ao se incrementar en case 400 entidades con respecto ao ano anterior. Compróbase desta maneira que o entramado deportivo está moi presente na sociedade con niveis dignos de consideración tanto pola súa relevancia actual como a evolución amosada ao longo dos últimos anos.

Cuantificación Económica do Sector

Unha vez recollidas as principais magnitudes con repercusión directa na faciana económica do deporte, resulta de interese proceder cunha cuantificación a xeito de valoración. Non obstante, esta non é tarefa doada xa que obriga, de partida, a dispoñer de conceptos comúns e, malia o habitual do seu uso e regulación por parte das administracións públicas, non adoita encontrarse unha definición.

“UN DE CADA DEZ GALEGO TEN LICENCIA POR ALGUNHA FEDERACIÓN DEPORTIVA”

Unha axuda neste sentido proporciónaa a Carta Europea⁸ do Deporte do Consello de Europa que define ao deporte como “todo tipo de actividades físicas que, mediante unha participación organizada ou doutro tipo, teñan por finalidade a expresión ou a mellora da condición física e psíquica, o desenvolvemento das relacións sociais ou o logro de resultados en competicións de todos os niveis”. Unha vez consen-

8- http://www.eurored-deporte.net/gestor/documentos/Carta_Europea_del_deporte.pdf

suada a magnitude obxecto de valoración é necesario tomar unha decisión acerca de como é o mellor xeito de medilo. Dende o punto de vista macroeconómico utilizáronse tres instrumentos para medir a importancia económica do deporte: as contas satélite, a táboa económica de conxunto e a análise input-output. Nesta liña e a raíz das conclusións do Consello Europeo de 2012 sobre o reforzo da base fáctica para a elaboración de políticas en materia de deporte⁹, o consenso comunitario optou pola primeira das opcións propoñendo a elaboración das contas satélite do deporte.

Xa que logo seis Estados membros¹⁰ dispoñen xa de contas satélite do deporte nacionais, ao tempo que outros países iniciaron a súa incorporación a este proceso. Na medida que se alcancen progresos na cuantificación do deporte, a través de magnitudes económicas tales como o PIB e o emprego asociado, estarán a disposición dos axentes implicados indicadores que permitirán ser conscientes do tamaño real do sector. En definitiva, constitúe unha referencia básica para valorar a contribución económica da actividade deportiva en relación con outros sectores produtivos.

Sobre este particular, en novembro de 2012, publicouse un Estudo da Comisión Europea sobre a contribución do deporte ao crecemento económico e ao emprego¹¹ que cifraba a achega deste sector ao valor engadido bruto comunitario nun

1,8% que se elevaba ao 2,1% ao considerar a xeración de emprego.

Con anterioridade ao estudo europeo do ano 2012 existiron algúns intentos de cuantificación do peso do sector do deporte no conxunto da economía continental. A primeira referencia sobre a importancia económica do deporte a nivel europeo data do ano 1989 nun traballo realizado a instancias do Consello de Europa para nove países¹². Neste estudo proporcionábanse as primeiras estimacións sobre a porcentaxe que representaba o deporte no PIB oscilando entre o 0,9% de Finlandia e o 1,8% de Holanda.

Cinco anos despois, en 1994, o Consello de Europa promove unha iniciativa similar¹³ obtendo uns resultados máis dispares que o traballo anterior posto que a porcentaxe que alcanzaba o deporte sobre PIB variaba entre o 0,6% de Dinamarca ao 3,5 de Suíza. Posteriormente, xa na década dos 2000, outros estudos cuantifican o sector do deporte con respecto ao PIB para o conxunto da Unión Europea. É este o caso dun traballo do ano 2004 financiado pola Comisión Europea¹⁴, que estima

“SEIS PAÍSES EUROPEOS DISPOÑEN DE CONTAS SATÉLITES DO DEPORTE NACIONAL”

9- <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:C:2012:393:0020:0021:ES:PDF>

10- Austria, Chipre, Alemaña, Países Baixos, Polonia e Reino Unido.

11- <http://ec.europa.eu/sport/library/studies/study-contribution-sports-economic-growth-final-rpt.pdf>

12- O traballo tiña por título, “The economic impact and importance of sport: An European study” e comprendía a Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Holanda, Islandia, Portugal, República Federal de Alemaña e Reino Unido.

13- “The economic impact of sport in Europe: Financing and economic impact”.

14- “Improving employment in the field of sport in Europe through vocational training sector”.

unha porcentaxe do 1,6 do PIB. Dous anos despois, en 2006, o Ministerio de Deportes Austríaco elevou esta porcentaxe ao 3,7% considerando a UE-25 e ao 4,6% atendendo só á UE-15.

Este último traballo serve de base, en 2007, para a redacción do apartado dedicado á dimensión económica dentro do Libro Branco do Deporte (2007) baixo a cautela de que “non hai datos fiables e comparables sobre o peso económico do deporte”. A partir de aquí os avances son notables nos esforzos de cuantificación do peso do deporte chegando á cuantificación actual proporcionada pola Comisión Europea en 2012 que o estima nun 1,8% do seu VEB.

A nivel internacional tamén se realizaron estimacións entre os distintos Estados da Unión entre as que destacan as referidas a Italia, Bélxica, Alemaña, Francia, Gran Bretaña, España e Eslo-

**“EN ESPAÑA
ESTÍMASE QUE O
DEPORTE SUPÓN
UNHA PORCENTA-
XE DO PIB
SUPERIOR AO 2%”**

venia e que oscilan entre o 1,4% do PIB para a economía xermana ata o 3,7% do PIB belga¹⁵.

Dentro de España, ademais do traballo xa citado para o conxunto do Estado que estimaba unha porcentaxe do PIB superior ao 2%, existen diferentes estudos que procedían a unha estimación do que o sector do deporte representaba en termos do PIB autonómico.

En concreto, dispóñense de estimacións para os casos de Andalucía, Castela e León, Cataluña, Navarra e País Vasco que se sintetizan na táboa seguinte.

No que atinxe a Galicia, non existen estudos sobre o impacto económico que ten o deporte. Por tanto, para ter unha idea da súa achega á economía galega, cómpre facer unha aproximación dada a imposibilidade de realizar esta tarefa a través das metodoloxías máis perti-

TÁBOA. PESO DO DEPORTE NAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CUANTIFICACIÓN			
COMUNIDADE	ANO	% PIB	REFERENCIA
CASTELA E LEÓN	2000	1,4%	PEDROSA ET AL.
ANDALUCÍA	2001	2,6%	OTERO ET AL.
PAÍS VASCO	2002	1,9%	KPMG CONSULTING
NAVARRA	2008	1,8%	RAPÚN ET AL.
ANDALUCÍA	2010	3,2%	IAEEA

Fonte. Benítez e Lacomba (2012)

15- Para un maior afondamento pode consultarse Benítez e Lacomba (2012) “Los avances en la valoración económica el deporte en Europa” en *Estudios de Economía Aplicada*, 30(2), 637-654.

nentes (contas satélite, táboas económicas de conxunto ou análise input-output). Con esta finalidade podemos dar resposta á cuestión anterior achegándonos dende a perspectiva da oferta e, en concreto, mediante unha análise empresarial do sector deportivo galego.

A xeito de tentativa pódese realizar unha análise exhaustiva das empresas galegas relacionadas co deporte a través dunha base de datos empresarial¹⁶. Aquí identificamos os sectores económicos das empresas vencelladas ao eido deportivo¹⁷. En concreto, selecciónanse os dez sectores (epígrafes) da

Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) seguintes: “Caza, captura de animais e servizos relacionados coas mesmas”, “Construción de embarcacións de recreo e deporte”, “Fabricación de bicicletas e de vehículos para persoas con discapacidade”, “Fabricación de artigos de deporte”, “Comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados”, “Edu-

cación deportiva e recreativa”, “Xestión de instalacións deportivas”, “Actividades dos clubs deportivos”, “Actividades dos ximnasiaos” e “Outras actividades deportivas”.

Ao igual que nos estudos mencionados previamente, para a estimación da relevancia económica do sector do deporte en Galicia utilízase como indicador o Produto Interior Bruto. A porcentaxe de participación no PIB aproxímase mediante os ingresos de explotación de cada actividade deportiva extrapolando ao PIB de cada rama de actividade económica¹⁸. Mediante esta aproximación combinamos a información da base de datos coa referencia do PIB utilizando, como nexo de unión, os ingresos de explotación de cada sector deportivo¹⁹.

O resultado que se obtén deste cálculo é que o sector deportivo en Galicia representa case un 3% do PIB da Comunidade (un 2,63%). Isto supón que, do valor total dos bens e servizos producidos en Galicia, un 2,63% destes están relacionados co deporte.

PARA NON CONCLUÍR

Falar de deporte, é falar dun sector económico cunha contribución ao

**“DE XEITO
APROXIMATIVO
PÓDENSE CON-
SIDERAR QUE O
DEPORTE ACHEGA
Á ECONOMÍA DE
GALICIA O 2,63%
DO SEU PIB”**

16- <http://www.informa.es/soluciones-financieras/sabi>

17- Isto é, cinguíndose exclusivamente aos sectores que non haxa dúbida en canto á súa consideración como tal, polo que se deixan fora axentes do deporte cun importante impacto económico como poden ser a prensa deportiva ou as apostas non se puideron incluír no estudo debido á falta de información detallada que faga posible diferenciarlos do conxunto.

18- Utilizando para iso a información proporcionada polo IGE nas súas Contas económicas anuais http://ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001

19- A principal limitación desta identificación é que non se tratan das mesmas magnitudes posto que non se están a considerar os denominados “consumos intermedios”.

valor engadido semellante, ou mesmo superior, ao doutros sectores económicos tradicionais. En concreto, a escala europea cabe sinalar que o sector do deporte se equipara en termos porcentuais ao da agricultura e equivale aproximadamente a 2,5 veces a contribución das industrias extractivas.

Por tanto, a primeira conclusión que pode ser extraída, e que constitúe o propósito fundamental do texto, é que malia súa “peculiaridade” o deporte albíscase como un sector económico máis. Quere isto dicir que debe ser tido en conta como tal, por ser produtor e consumidor de bens e servizos, así como ser un potencial xerador de emprego e riqueza. Existen estudos e referentes no noso entorno inmediato que así o testemuñan, ao tempo que o exercicio feito para o caso de Galicia permite confirmar.

Coas cautelas sinaladas en canto á metodoloxía empregada, non so obtemos cifras e porcentaxes semellantes a traballos previos, senón que damos un paso máis. De feito, avanzamos no incremento e mellora da base fáctica do impacto económico do deporte na nosa Comunidade á espera de que institucións oficiais procedan cun traballo de contas específicas ad-hoc como xa se ten desenvolvido para outros sec-

tores tales como a cultura, a minaría ou a pesca²⁰.

Asemade como no resto de economías desenvolvidas, para o caso de deporte galego estamos a falar dun sector onde a tercerización resulta un feito evidente. Así, claramente obsérvase un predominio do sector servizos que conta cos epígrafes con maior relevancia económica. En canto á súa comparación con outros sectores económicos é importante sinalar que esta porcentaxe de participación é semellante ao de sectores tales como “Información e comunicacións” ou “Actividades financeiras e de seguros”, que teñen unha participación do 2,4 e 3,4%, respectivamente. De xeito semellante, se realizamos a comparación co conxunto do sector primario que supón en Galicia un 4,3%, obsérvase como o sector deportivo por si mesmo se sitúa a uns niveis moi semellantes a un sector tan consolidado e con tanta tradición como o agrario.

Ese todos estes datos bastarían para ser conscientes da importancia do sector, a tendencia crecente e con expectativas de crecemento serve para reforzar máis se cabe esta idea. Por este motivo e para “non concluír” convén deixar constancia dun conxunto de iniciativas e propostas para afortalar o seu crecemento e aproveitar

**“O DEPORTE DEBE
SER CONSIDERADO
COMO UN
SECTOR ECONÓMICO
MÁIS AO
XERAR EMPREGO E
RIQUEZA”**

20- <https://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=busquedaavanzada&web=1&disponibles=1&paxina=004001003&idioma=es>

as oportunidades que, como sector económico consolidado, nos pode brindar. Entre estas cabe salientar as seguintes:

- Consolidar a iniciativa de unha hora máis de educación física na educación obrigatoria.
- Fomentar a prescripción de exercicio e actividade física por parte dos responsables sanitarios
- Aproveitamento dos eventos deportivos de recoñecido prestixio como palancas de desenvolvemento do turismo

na nosa Comunidade

- Deseño dun plan de uso racional e estratéxico da instalacións deportivas públicas (e privadas).
- Estudo das tendencias do sector de cara a elaboración dunha estratexia de I+D deportivo de carácter autonómico.
- Promover a realización de unha conta satélite específica para coñecer a dimensión do deporte na economía galega.

